



ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 31

DO 1 DE AO 15 DE SETEMBRO 2008

Contido

Política comunitaria

Unha estratexia europea de investigación e innovación para as TIC de cara ao ano 2020

Páxina 1

Programas Europeos

Convocatorias vixentes

Páxinas 2-4

Noticias

Próxima apertura: unha biblioteca dixital para Europa

Páxina 5

Política Comunitaria

Unha estratexia de investigación e innovación para as TIC de cara ao 2020

<http://ec.europa.eu/yourvoice/ipm/forms/dispatch?form=ICTRDI>

A Comisión Europea puxo en marcha unha consulta pública para atopar as mellores estratexias que permitan situar a Europa á fronte da investigación e innovación en materia de TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) na próxima década. Tanto a industria como os expertos en TIC, os responsables políticos e o público en xeral achegarán a súa contribución a unha nova estratexia de investigación e innovación en materia de TIC que se dará a coñecer o ano que vén, sendo o obxectivo situar á industria europea das TIC, especialmente as PEME, en lugar destacado na carreira pola competitividade mundial. A consulta pública está aberta ata o 7 de novembro de 2008.

Esta consulta forma parte da resposta da Comisión Europea a un recente informe de expertos dirixido polo antigo primeiro Ministro finlandés Esko Aho (MEMO/08/430), que pon de manifesto unha serie de deficiencias clave da investigación e innovación en materia de TIC en Europa. Concretamente, Europa non alcanza os resultados esperados dende o punto de vista tanto do nivel coma da intensidade dos seus investimentos en investigación e innovación. As TIC representan actualmente o 33% da investigación e innovación nas economías desenvolvidas, mentres que en Europa só representan menos do 25%, debido principalmente a unha importante fragmentación. Ademais, a Unión Europea representa o 32% do mercado mundial das TIC, se ben só o 22% do mercado mundial corresponde ás empresas europeas.

A Comisión Europea ten previsto responder a estes desafíos a través dunha revisión sen tabús da súa estratexia de investigación e innovación en materia de TIC. A consulta formula tres preguntas principais:

- ✎ ¿Cales son os principais desafíos aos que se enfrontan a investigación e innovación no sector das TIC? A medida que segue adiante a revolución das TIC, ¿cales son as prioridades de Europa en materia de investigación e innovación?
- ✎ ¿Como e en que sectores debe propoñerse Europa levar o liderado? Europa conta con líderes no ámbito industrial e tecnolóxico, en sectores chave tales como as telecomunicacións e os sistemas incorporados. ¿Como poden consolidarse os avances rexistrados nestes sectores e en que novos sectores debe intentarse levar o liderado?
- ✎ ¿Cal é o papel das políticas públicas á hora de situar a Europa en lugar destacado en materia de innovación no sector das TIC? ¿Como pode consolidarse a política de investigación co fin de crear un mercado europeo de innovación no sector das TIC? ¿Como poden adaptarse algúns ámbitos políticos complementarios, tales como a normalización, a concesión de licenzas e os réximes de propiedade intelectual, co fin de apoiar a rápida comercialización dos resultados da investigación?

Programas europeos

Convocatorias vixentes

LIFE+ 2008

<http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus.htm>

<http://ec.europa.eu/environment/life/contact/nationalcontact/index.htm>

O 15 de xullo abriuse a convocatoria de propostas para LIFE+ 2008. Os temas que abranguen a presente convocatoria son:

- 1. Natureza e biodiversidade** LIFE+: ten como obxectivo principal protexer, conservar, restaurar, supervisar e facilitar o funcionamento dos sistemas naturais, os hábitats naturais e a flora e a fauna silvestres, co fin de deter a perda de biodiversidade, e, en particular, a diversidade de recursos xenéticos, na Unión Europea de aquí a 2010.
- 2. Política e gobernanza ambientais** LIFE+: entre os obxectivos principais están os que teñen que ver co cambio climático, a auga, o aire, o chan, o medio urbano, o ruído, o medio e saúde, os recursos naturais e residuos, a silvicultura, a innovación e os enfoques estratéxicos.
- 3. Información e comunicación** LIFE+: o seu obxectivo é divulgar información e fomentar a sensibilización en torno aos temas ambientais, incluída a prevención de incendios forestais; avalar as medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación, incluída a formación en prevención de incendios forestais.

A porcentaxe de contribución financeira comunitaria ascenderá como máximo ao 50% dos gastos subvencionables en cada un dos tres temas que abrangue a convocatoria. Excepcionalmente, no tema "Proxectos sobre natureza e biodiversidade LIFE+" poderase aplicar unha porcentaxe máxima de cofinanciamento do 75% ás propostas dedicadas a hábitats ou especies prioritarias recollidas nas Directivas sobre aves e hábitats.

As propostas de proxectos presentaranse ás autoridades nacionais competentes antes do **21 de novembro de 2008** e enviaranse ás autoridades nacionais do Estado membro no que estea rexistrado o beneficiario. A continuación, as autoridades nacionais presentarán as propostas á Comisión antes do **5 de xaneiro de 2009**.

O presuposto xeral para a convocatoria LIFE+ 2008 é de **207.500.000 EUR**.

A asignación financeira que lle corresponde ao Estado español é duns **22.228.050 EUR**.



Convocatorias vixentes

7º PROGRAMA MARCO

<http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm>

Dende agosto de 2008 atópanse abertas as convocatorias de propostas conforme aos programas de traballo de 2008 e 2009 dos Programas «Cooperación» e «Capa-

cidade» do Sétimo Programa Marco CE de accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración (2007 a 2013).

Programa Específico «Cooperación»

Tema	Referencias das convocatorias
1. Saúde	FP7-HEALTH-2009-single-stage FP7-HEALTH-2009-two-stage
2. Alimentación, agricultura e pesca e biotecnoloxía	FP7-KBBE-2009-3
5. Enerxía	FP7-ENERGY-2009-1; FP7-ENERGY-2009-2; FP7-ENERGY-2009-3
6. Medio (incluído o cambio climático)	FP7-ENV-2009-1
8. Ciencias socioeconómicas e humanidades	FP7-SSH-2009-a; FP7-SSH-2009-B; FP7-SSH-2009-C
9. Espazo	FP7-SPACE-2009-1
10. Seguridade	FP7-SEC-2009-1
CONVOCATORIA CONXUNTA: Temas 2: Alimentación, agricultura e pesca e biotecnoloxía, 4: Nanociencias, nanotecnoloxías, materiais e novas tecnoloxías de produción, 5: Enerxía e 6: Medio (incluído o cambio climático)	FP7-2009-BIOREFINERY



Programa Específico «Capacidades»

Tema	Referencias das convocatorias
2. Investigación en beneficio das PME	FP7-Sme-2008-2; FP7-Sme-2008-3; FP7-Sme-2009-1
3. Rexións do coñecemento	FP7-REGIONS-2009-1
5. Ciencia e sociedade	FP7-SCIENCE-IN-SOCIETY-2009-1
7. Actividades de cooperación internacional	FP7-INCO-2009-1; FP7-INCO-2009-2; FP7-INCO-2009-4; FP7-INCO-2009-5

Convocatorias vixentes

MEDIA 2007. Medidas de apoio á promoción e o acceso ao mercado: festivais audiovisuais

http://ec.europa.eu/information_society/media/index_en.htm

Os obxectivos desta convocatoria do programa MEDIA son:

- facilitar e fomentar a promoción e a circulación das obras audiovisuais e cinematográficas europeas en actos comerciais, en mercados profesionais e en festivais audiovisuais dentro e fóra de Europa, dado que os devanditos actos poden desempeñar un papel importante para a promoción das obras europeas e a interconexión dos profesionais,
- mellorar o acceso do público europeo e internacional ás obras audiovisuais europeas.


Esta convocatoria está destinada aos organismos europeos establecidos nun dos Estados membros da Unión Europea, nun dos países do Espazo Económico Europeo que participan no programa MEDIA 2007 (Islandia, Liechtenstein, Noruega), así como Suíza e Croacia. Os devanditos organismos europeos deben poñer en marcha **festivais audiovisuais** con actividades que contribúan á realización dos obxectivos mencionados anteriormente e cunha programación total que exhiba, como mínimo, un 70% de obras europeas procedentes de, cando menos, dez dos países que participan no programa MEDIA.

O presuposto máximo dispoñible en virtude da presente convocatoria de propostas ascende a **3 500 000 EUR**.

A axuda financeira da Comisión non poderá ser superior ao 50% do total dos custos admisibles.

O importe máximo de subvención será de **75 000 EUR**.

O prazo límite para a presentación de propostas é o **31 de outubro 2008**.



Noticias

Próxima apertura: unha biblioteca dixital para Europa

http://ec.europa.eu/information_society/activities/digital_libraries/index_en.htm

<http://www.worlddigitallibrary.org/project/english/index.html>

<http://search.theeuropeanlibrary.org/portal/es/index.html>

<http://www.europeana.eu/>

A diversidade cultural de Europa en libros, música, pinturas, fotografías e películas quedará á disposición de todos os cidadáns con tan só facer un clic nun portal informático: o soño dunha biblioteca dixital europea podería facerse realidade este outono. Non obstante, fan falta máis esforzos dos Estados membros da UE, segundo indicou a Comisión nunha nova comunicación sobre a difusión das versións dixitais de obras conservadas en institucións culturais de toda Europa. A dixitalización das obras de cultura pode facilitar o acceso dos europeos aos materiais dos museos, bibliotecas e arquivos situados no estranxeiro sen ter que viaxar ou pasar centenas de páxinas para atopar unha información determinada. As bibliotecas de Europa teñen elas soas máis de 2.500 millóns de libros, pero só en torno ao 1% do material arquivado está dispoñible en forma dixital, polo que a Comisión instou aos Estados membros a facer máis para que as obras dixitalizadas poidan ser consultadas en liña polos europeos, para que estes as folleen dixitalmente, para o estudo, o traballo ou o ocio. A propia Comisión achegará uns 120 millóns de euros en 2009-2010 para mellorar o acceso directo ao patrimonio cultural de Europa.

A Comisión reafirmou o seu compromiso de axudar aos Estados membros a levar a Internet os seus valiosos contidos culturais. En 2009-2010, 69 millóns de euros do programa da investigación

da UE destinaranse a actividades de dixitalización e fomento de bibliotecas dixitais. No mesmo período, o programa de competitividade e innovación europeo asignará máis de 50 millóns de euros a mellorar o acceso aos contidos culturais de Europa. Non obstante, o custo total de dixitalizar cinco millóns de libros das bibliotecas europeas estímase xa en aproximadamente 225 millóns de euros, sen contar os obxectos como manuscritos ou pinturas. Facer realidade a visión dunha biblioteca dixital europea (europeaña) precisa grandes investimentos das institucións nacionais, pero a maioría dos países só destinan actualmente á dixitalización un financiamento a pequena escala e disperso.

A Comisión instou aos Estados membros a aumentar as súas capacidades de dixitalización para poñer as súas coleccións á disposición dos cidadáns europeos, a colaborar co sector privado e a tratar as prioridades seguintes:

- ✦ Débense asignar maiores fondos á dixitalización, ademais de plans sobre a cantidade de materiais que se vai dixitalizar.
- ✦ A maioría dos países aínda carece de métodos, tecnoloxías e experiencia en relación coa preservación do material dixital, algo que é crucial para que os contidos sigan sendo accesibles para as xeracións futuras.
- ✦ Deben aplicarse unhas normas comúns para que as distintas bases de

datos e fontes de información sexan compatibles e poidan servir para a biblioteca dixital europea (europeaña).

- ✦ Resolución dos problemas dos dereitos de autor, sobre todo solucións legais ao problema das obras orfas, isto é, as obras das que non se poden atopar dereitos para os efectos da autorización da dixitalización (IP/07/508).

Algúns Estados membros tomaron medidas exemplares para axilizar a dixitalización das súas coleccións culturais. Eslovenia adoptou en 2007 unha lei de asociación entre o sector público e o privado que brinda novas oportunidades para a promoción privada dos proxectos de dixitalización das institucións públicas. Eslovaquia rehabilitou un vello complexo militar como grande instalación de dixitalización con máquinas que pasan automaticamente as páxinas. Finlandia, Eslovaquia e Lituania utilizaron os fondos estruturais europeos para proporcionar financiamento extraordinario á dixitalización.

Non obstante, a avaliación da Comisión tamén indica que existe en moitos casos unha diferenza entre os obxectos dixitalizados e a súa accesibilidade en liña. Por exemplo, só un de catro museos alemáns que dixitalizaron material facilita o seu acceso directo en liña e só o 1% do material dixitalizado polos arquivos polacos está en liña.



Axenda

6-9 de outubro 2008

OPEN DAYS 2008: «As rexións e as cidades nun mundo cheo de desafíos»

A sexta edición de OPEN DAYS, a Semana Europea das Rexións e as Cidades.

Lugar: Bruxelas

Organizan: Comité das Rexións e Dirección Xeral de Política Rexional.

<http://www.opendays.europa.eu>

25-27 de novembro 2008

TIC 2008: “I” para o futuro: Invención, Innovación, Impacto

A principal cita europea sobre investigación en TIC

Lugar: Lyon, Francia

Organiza: DX Sociedade da Información

http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm

6-7 de novembro 2008

7 Conferencia Europea sobre e-learning (ECEL)

A ECEL convertiuse nos últimos anos no maior evento celebrado deste tipo e agrupa a investigadores e profesionais co obxectivo de explorar, avanzar e mellorar o e-learning.

Lugar: Crecian Bay Hotel – Agia Napa, Chipre

Organiza: Departamento de Ciencia Informática da Universidade de Chipre

<http://www.academic-conferences.org/ece/ece12008/ece108-home.htm>

Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:
info@fundacioncalidade.org